DECÁLOGO DA ESCOLA COOPERATIVA PARA A NOVA LEXISLATURA

1. **Reforzar a prioridade do sistema educativo na axenda política**.

Nos últimos anos, a educación perdeu protagonismo entre as prioridades sociais. Ante un contexto social ameazado pola desinformación e a manipulación interesada, onde reina o individualismo e as desigualdades son cada vez máis drásticas, as estruturas cooperativas son un garante da cohesión social e, por tanto, deben proclamarse e protexerse na axenda política.

2. **Realizar un estudo sobre o custo da praza escolar na escola concertada que permita adecuar o financiamento desta ao gasto real**.

A pesar de que na normativa básica da LOMLOE esta tarefa está recollida, a realidade é que non se materializou, o que conleva un infrafinanciamento do ensino concertado, o que dificulta ofrecer a gratuidade real. Por iso é necesario a cuantificación do custo do posto escolar en todos os seus niveis educativos desde o primeiro ciclo de Educación Infantil, co fin de proporcionar a todos os centros sostidos con fondos públicos o financiamento necesario para garantir unha educación de calidade a todo o alumnado.

3. **Recoñecer a singularidade do cooperativismo educativo dentro do sistema educativo**.

Persisten o descoñecemento e a falta de recoñecemento, tanto na Administración pública como na sociedade, sobre o papel e a achega das cooperativas de ensino. Esta situación favoreceu a súa identificación automática coa educación concertada, sen ter en conta a súa pluralidade nin a especificidade do cooperativismo educativo. Como consecuencia, as actuais tendencias políticas poden chegar a clasificar de forma errónea unha realidade educativa con identidade e achegas propias. Nalgunhas comunidades autónomas, o desenvolvemento do concepto de Servizo Público da Educación, que integra a todos os centros sostidos con fondos públicos, pode contribuír a reducir a distancia entre os centros de titularidade pública e os concertados.

4. **Reforzar o recoñecemento público e institucional das cooperativas e centros de ensino da Economía Social.**

Entre as medidas necesarias para avanzar neste recoñecemento, resulta prioritario garantir a representación de pleno dereito no Consello Escolar do Estado, así como en todos aqueles espazos e órganos de participación impulsados polas Administracións para o deseño das políticas educativas, incluídos os vinculados á Formación Profesional.

5. **Corrixir a desigualdade no financiamento do tramo 0-3 para garantir a viabilidade dos centros de titularidade cooperativa**.

A implantación do ciclo 0-3 debe recoñecer o seu carácter prioritariamente educativo e a súa natureza unitaria. A regulación desta etapa ten que orientarse a estender unha oferta universal de calidade e contar para iso con aquelas escolas infantís comprometidas coa prestación dun servizo público educativo. Esta regulación pode concretarse mediante convenios singulares, o establecemento de concertos con centros educativos de titularidade privada que oferten o tramo 0-3 ou a concesión de subvencións a estas escolas, que posibiliten un financiamento suficiente e sempre dentro do marco legal vixente. Calquera modificación normativa deste ciclo debe de garantir a viabilidade económica das devanditas aulas.

En todo caso, e de acordo coa lexislación vixente, o acceso dos centros educativos a esta regulación debería incorporar un criterio de preferencia para aqueles que, cumprindo os requisitos establecidos, estean constituídos e funcionen en réxime de cooperativa.

6. **Dotar desde o Ministerio de Educación e as Comunidades Autónomas de recursos humanos para as tarefas de representación do cooperativismo de ensino, mediante figuras equiparables aos liberados sindicais.**

7. **Concretar medidas de apoio e configurar contornas financeiras, administrativas e xurídicas favorables que teñan en conta as características propias das cooperativas educativas.**

Como, por exemplo, a preferencia explícita das cooperativas educativas nos procedementos de acceso ao concerto educativo, ou a concreción e desenvolvemento do financiamento dos gastos de investimento relativos a instalacións e equipamentos escolares en cooperativas educativas e a consideración de cláusulas que recollan o feito de ser empresas que funcionen

en réxime de cooperativa entre os criterios innovadores, ecolóxicos e sociais das adxudicacións de servizos educativos mediante concurso público.

8. **Redución da ratio de alumnado por aula e reforzo do cadro de persoal en todas as etapas educativas, como panca de equidade educativa ante o descenso da natalidade e o aumento da diversidade nos centros**.

Artellar procedementos de acceso das cooperativas de ensino a determinados programas e recursos específicos como a función de orientación en todas as etapas, a inclusión da figura das orientadoras dentro do cadro de persoal básico de Primaria e Secundaria, o apoio para as tarefas de educación especial, así como auxiliares de conversación, bibliotecas escolares, educadores sociais, formación permanente do profesorado, etc, todo iso co fin de garantir unha educación de calidade a todo o alumnado do sistema educativo, sobre o principio de igualdade de dereitos e deberes de todos os centros educativos financiados con fondos públicos que conforman o servizo educativo.

9. **Acompañar a incorporación da dixitalización e a intelixencia artificial ao sistema educativo e á práctica docente con recursos e formación**.

Para iso dotarase de recursos, conectividade en todos os centros, relacionando familias e centros a través destas, pero, sobre todo, incorporando unha dixitalización razoable e equilibrada ao desenvolvemento do currículo e realizando un notable esforzo de formación do profesorado e da dispoñibilidade de software, cun tratamento unitario para todos os centros sostidos con fondos públicos, independentemente da súa titularidade.

10. **Incorporar o emprendemento colectivo a través da proposta pedagóxica das cooperativas escolares en todos os niveis de educación regrada e incluír referencias explícitas ao modelo de empresa cooperativa e de economía social no desenvolvemento da normativa curricular das diferentes etapas educativas.**

Outubro 2026